



Alternativa dos Veciños

SINGULARES, DISTINTOS

A CORUÑA



Nova ameaza contra a fachada marítima en Labañou

Páxina 4

ARTEIXO



Urbanización Sol y Mar: o engano eterno do Concello

Páxina 5

BERGONDO



Adxudicado o proxecto para eliminar o tapón en San Paio

Páxina 8

CAMBRE



O concelleiro de urbanismo declara na Fiscalía

Páxina 11

CARRAL



O Goberno avanza na humanización das rúas

Páxina 14

CULLEREDO



Praza de arquitecto municipal creada irregularmente

Páxina 16

OLEIROS



Comeza a obra do cruce de Sol y Mar

Páxina 18

SADA



Alternativa demanda a conservación da Terraza

Páxina 20

Mancomunados si pero non a calquera prezo

■ O Consorcio das Mariñas ten vinte anos de vida. Os concellos de Oleiros, gobernado por Alternativa dos Veciños, Culleredo, co Partido Socialista, e Arteixo, co Partido Popular, promoveron a súa creación no ano 2000 co obxectivo principal de xestionar conxuntamente servizos públicos básicos que abarataran os custos á cidadanía. Co mesmo obxectivo, nas décadas dos 80-90, creárase unha Mancomunidade que resultou un auténtico fracaso pola manipulación, a gusto e vontade, do Concello da Coruña, que ostentaba a presidencia con carácter vitalicio.

Oleiros deu o primeiro paso na creación do Consorcio cos seus técnicos e técnicas, que xestionaron ante a Unión Europea unha subvención de 1.500 millóns de pesetas cos que se adquiriu unha flota de camións de recollida de lixo, contedores e a infraestrutura necesaria para a constitución dos puntos limpos nos concellos que integraban este ente. Tamén se posibilitou a contratación inicial de traballadores, ademais dos que aportaban aqueles concellos que xa tiñan o servizo de recollida do lixo funcionando.

Co fin de evitar os erros cometidos na desaparecida Mancomunidade, o Consorcio limitou a súa competencia aos servizos de recollida de lixo, lacería e o plan concertado de servizos sociais.

Todo funcionou en perfecta harmonía e consenso ata que desde a presidencia do Señor Santiso, coa oposición do Concello de Oleiros, empezaron a abordarse asuntos alleos aos servizos acordados, que eran de competencia individual de cada concello. A esta situación sumouse o continuo incumprimento do contrato por parte da empresa de recollida do lixo, quedando este feito patente nunha auditoría independente promovida por Oleiros e Arteixo que deixou ao descuberto graves anomalías: falta de renovación de camións, carencia de lavado dos contedores, insuficiencia e falta de reposición dos mesmos...

Iso si, a empresa, coa desculpa de ver contedores, levaba de viaxe turístico ao presidente Señor Santiso e algún que outro alcalde.

Estas e outras desviacións e irregularidades, son as que motivaron as continuas denuncias de Oleiros e o abandono do Consorcio por parte de Arteixo.

Ademais de todo este clima de tensión e desavenencias, apareceu a Lei Montoro que ditaminou a eliminación dos consorcios, adscribindo a súa xestión ata o momento da súa disolución ao concello que tivera maior número de habitantes e maior número de técnicos, que neste caso é Oleiros.

Lamentablemente, as moitas irregularidades, a compra de vontades do presidente e o medo ás políticas de Alternativa dos Veciños, levounos a facer un fronte común para intentar poñer en evidencia unha suposta política destrutiva da Alternativa e do seu presidente, Ángel García Seoane.

Na actualidade, esta entidade supramunicipal, formada polos concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, pretende volver a crear unha Mancomunidade cos vicios da anterior e cos da última etapa do Consorcio, polo que non tería futuro algún.

Alternativa dos Veciños defende unha Mancomunidade, pero constituída democraticamente, coa representación que a cada municipio lle corresponde por Lei e co único fin da prestación en solidariedade daqueles servizos que se xestionan en común entre os oito concellos que a integraran.

Mancomunados si, pero non como unha transformación sen máis. Hai que liquidar o Consorcio antes de crear unha Mancomunidade que debe fixar liñas de actuación públicas en común, camiñando cara un crecemento futuro da nosa comarca, ordenado e sostible e contando coas necesidades de todos e todas.

Mancomunados si, creando servizos que outorguen eficiencia, eficacia e transparencia ás prestacións en beneficio da nosa cidadanía.

Mancomunados si, pero non a calquera prezo.

A CORUÑA



O Goberno central segue a esquecer a ampliación de Alfonso Molina e o tren ao porto ▼

■ Os orzamentos do Estado para o ano 2021 inclúen unhas partidas económicas ridículas que impedirán abordar dúas actuacións imprescindibles para o desenvolvemento económico e a mellora das comunicacións da cidade e a comarca. Os 100.000 euros consignados para a ampliación da Avenida Alfonso Molina e os 10.000 euros contemplados para o tren ao Porto Exterior de Punta Langosteria son un insulto á cidadanía coruñesa.



No caso do Porto, o Estado investiu máis de 600 millóns de euros na construción desta importante infraestrutura, que sen acceso ferroviario ten limitada notablemente as súas posibilidades de asentamento de empresas e, por conseguinte, de xeración de emprego. Pola súa parte, a Avenida Alfonso Molina, cun tráfico diario superior aos 100.000 vehículos, é a principal vía de acceso á cidade e non está capacitada para soportar ese volume de tráfico. Os continuos atoaamentos provocan importantes perdas de tempo que afectan tanto ao ámbito laboral como persoal dos condutores e condutoras.

Alternativa demanda o uso público dos peiraos de Bateria e Calvo Sotelo

Estase procedendo á demolición dos silos de Alu Ibérica situados nos peiraos de Bateria e Calvo Sotelo. Este espazo debe incorporarse sen máis dilación ao uso público xeral cunha nova ordenación que permita destinalo a equipamentos públicos onde crear zonas verdes e deportivas. Neste sentido, debe eliminarse o actual peche para darlle continuidade aos xardíns de Méndez Núñez e conseguir unha gran área dotacional para o lecer da cidadanía.

Alternativa dos Veciños oponse a calquera posible privatización deste solo público. Non se poden permitir novas concesións administrativas aberrantes, como son os dous edificios coñecidos como as Gaivotas, que se atopan diante da Deputación provincial.





As Percebeiras: fitos, feitos e desfeitas ▼

■ ■ Na Agra das Percebeiras, en pleno Paseo Marítimo, lévanse décadas de fitos, feitos e desfeitas, nos que se mesturan proxectos, cifras, nomes e siglas. Ata o monumento que ten en fronte, O Milenium, naceu como fito e acabou sendo desfeita.

No 2002 Paco Vázquez soñara con transformar a parcela nun pequeno Manhattan, máis aquel proxecto, no que destacaban dous rañaceos de 47 e 35 plantas, foi descartado axiña. No 2013 o PP limitou as alturas a oito plantas no Plan Xeral, pero aumentou a edificabilidade do polígono nun 20%; había que rebaixar para aumentar. Importantes bancos e promotoras que estaban detrás do proxecto foron cambiando de nomes, pero conservando os intereses.

Cando no marco do Plan Especial de Labañou o polígono M-18 quedou nas mans de Gallego Jorroto, arquitecto de recoñecido prestixio, este deseño tres torres de 16 plantas e outras tres de 9-13 plantas, escalonadas pola pendente e distribuídas de xeito que tapaban o menos posible as vistas á baía. No 2017 o proxecto foi rexeitado pola Marea, argumentando que non se xustificaba a excepcionalidade das alturas, aínda que o ordenamento fose ambiguo e contradictorio, pois, á par que limitaba alturas, permitía máis edificabilidade e demandaba máis zonas verdes.

No 2020 o PSOE aproba e remite á Xunta, para avaliación de impacto ambiental, un proxecto que contempla 12 bloques de oito plantas, que provocaría un efecto cortina ou pantalla entre Labañou e Riazor maior que o do proxecto de Jorroto. Para agochar intereses especulativos, apórtanse datos sobre: porcentaxe de vivenda de protección oficial, como se fora un polígono doado para a mesma; reserva de 30.000 metros ca-

drados de zonas verdes e equipamentos, mesturando espazos de titularidade pública e privada; construción de prazas de aparcamento, a meirande parte soterradas e sen xestión definida; dotación comercial dun barrio desatendido...



O proxecto deberá volver ao pleno municipal, onde contará coa oposición da Marea e do BNG, que xa están a mover os fíos da demagoxia, pedindo que sexan os veciños de Labañou os que decidan; mentres o PP cala, esperando acontecementos. Claro que hai que escoitar aos veciños, pero a planificación urbana é responsabilidade de quen goberna. Claro que se pode modificar o PXOM, pero, se se fan propostas utópicas, haberá que explicar as indemnizacións millonarias que derivarían das mesmas. Tan importante como o debate sobre alturas é o debate sobre a calidade arquitectónica e, sobre todo, a calidade de vida urbana.



ARTEIXO



Os veciños de Sol y Mar seguen sufrindo o engano do Concello ▼

■ ■ Os veciños da urbanización Sol y Mar, en Oseiro, levan máis de 40 anos loitando ante a administración pública responsable da autorización da construción de 500 vivendas libres e de protección oficial baixo unhas redes de alta tensión de 380 Kw, que afectan aos pisos, ao centro social, ao polideportivo e ao colexio público –por un temporal unha das liñas caeu no patio de primaria-.

A loita veciñal para liberarse da radiación dos tres tendidos eléctricos, con diversas torres entre os edificios, atopouse ao longo dos anos co engano permanente e o incumprimento dos acordos plenarios e convenios que o Concello tiña coas consellerías de Industria e Sanidade e coas empresas eléctricas. Cada vez que había eleccións municipais, durante máis de tres décadas, tomábanse acordos plenarios e realizábanse visitas á urbanización para calmar os ánimos dos veciños e da plataforma que os representaba.

No mes de xullo do 2003 o pleno municipal aprobou o proxecto para o traslado das liñas. Nunca chegou a executarse porque o Concello incumpriu o convenio e nin adquiriu nin puxo a disposición da empresa eléctrica o solo necesario, alegando que faría falta a aprobación do Plan Xeral para modificar o trazado da rede eléctrica. En cambio, para especular co solo si se modifican as normas obsoletas do 1995, permitindo grandes pelotazos urbanísticos.

Arteixo é un concello desordenado e caótico. En Arteixo, tanto o polígono de Sabón como a Refinería, entre outros, proporcionan elevadísimo ingresos ás arcas municipais. O Goberno do señor Calvelo non é capaz de xestionar os orzamentos o que orixina unha grande cantidade de cartos paralizados nos bancos.



Alternativa dos Veciños demandamos que dunha vez por todas, desde o concello de Arteixo e desde a Xunta de Galicia -que vai recibir importantes fondos europeos- se subsane tan grave prexuízo que durante tantos anos soportaron os máis de 1.200 veciños da urbanización Sol y Mar.

Demolición da obra ilegal do Monticaño ▼



Derrubouse o esqueleto do xeriátrico que pretendía facer a Fundación San Rosendo, dezasete anos despois de que a Xunta de Galicia ordenase paralizar esta construción ilegal. Alternativa dos Veciños xa denunciara a necesidade desta demolición na edición de xullo desta publicación informativa e en diversas notas de prensa.

Pendientes dunha reunión na Xunta pola gasoleira da Maceira

Alternativa dos Veciños de Arteixo solicitou unha reunión co conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia para esclarecer a situación da licenza da nova gasoleira da Maceira. A construción desta nova estación de servizo, desde o punto de vista de Alternativa dos Veciños non se axusta á legalidade, dado que a parcela na que se constrúe está atravesada por unha liña de alta tensión.



Alternativa presentou denuncia ante o Concello de Arteixo e a Xunta de Galicia

O Concello despreza a lingua galega e perde unha subvención de 12.000 euros ▼

A Deputación da Coruña concedeu unha subvención de 12.000 euros ao Concello de Arteixo para mantemento do Servizo de Normalización Lingüística no ano 2019. Debido a que non se xustificou esta axuda, o Concello perdeu os cartos amosando unha falta de preocupación total pola promoción da lingua galega no municipio.

Solicitada a devolución dos recibos da Escola Municipal de Música ▼

O alumnado da Escola Municipal de Música de Arteixo tivo que abonar integramente ao Concello o recibo do último trimestre do pasado curso, malia estar sen clases presenciais nin telemáticas desde o 13 de marzo. A única formación recibida foron uns simples vídeos similares aos que calquera persoa pode atopar na rede. Atendendo ás queixas formuladas por numerosas familias, Alternativa de Arteixo solicitou ao Concello a devolución do importe do recibo.

Alternativa solicita cofinanciar novas redes de auga e sumidoiros ao 50% entre Concello e propietarios



Atendendo ás peticións de decenas de veciños que non dispoñen nas súas vivendas de enganche á rede de abastecemento de auga nin de conexión coa rede de sumidoiros, Alternativa de Arteixo solicitou ao Concello que asuma o 50% do custo das obras de instalación das acometidas.

É urxente tamén a realización dun estudo para a determinar as obras de saneamento e abastecemento necesarias en todos os núcleos carentes destes servizos básicos. É inconcibible que un Concello con exceso de recursos económicos, e en máis de 40 anos de democracia, non teña abordado un plan de saneamento e auga potable para todas as parroquias.

Noelia Martínez, responsable local de Alternativa dos Veciños, está a percorrer todas as parroquias de Arteixo, xunto cos compañeiros e compañeiras da agrupación no municipio, para coñecer de primeira man as necesidades e inxedanzas dos veciños e veciñas.

Alternativa demanda que se constrúan beirarrúas en Chamín ▼



Tras a solicitude do deputado Ángel García Seoane no pleno do mes de setembro, a Deputación comprometeuse a construír beirarrúas e instalar pasos de peóns nas localidades de Chamín e Sorrizo. Esta estrada provincial non conta con ningún paso de peóns, o que supón un serio risco para os veciños e as veciñas que teñen que cruzala a diario e por onde circulan vehículos a gran velocidade. Ademais dáse a circunstancia que no lugar da Lagoa hai unha escola infantil.

Contratada a senda peonil de Rorís a Anzobre ▼

A Deputación da Coruña adjudicou por importe de **314.900 euros** as obras de mellora da seguridade viaria entre Rorís e Anzobre. Esta estrada precisaba dunha actuación para reducir riscos, tanto para peóns como para vehículos.

A Deputación cofinancia novas obras ▼

- Senda peonil na estrada Quinto Pino- A Maceira: **136.436,05 euros**
- Primeira fase da senda peonil en Laxobre: **104.379,67 euros**
- Melloras en camiños de Barrañán e Armentón: **110.011,94 euros**

BERGONDO



Que pasa co Plan Xeral? ▼



Estimada Alejandra: é obvio que os tempos son difíciles e absolutamente atípicos. A covid-19 descolocounos a tod@s. Desde o Concello de Bergondo actuouse en todo momento de maneira responsable e modélica, coa súa alcaldesa á cabeza. O teu traballo neste sentido só pode ser cualificado dun xeito constante e exemplar. Pero Bergondo non pode permitirse o luxo de aprazar máis a aprobación do

tan traído e tan levado Inventario de Camiños (e bens públicos) nin seguir sen avanzar no **imprescindible instrumento de futuro** para o noso concello: o **Plan Xeral**. Alcaldesa, poñámonos de novo a traballar nestas cuestións, urxen.

Adxudicado o proxecto para eliminar o tapón de San Paio ▼

■ ■ A Deputación da Coruña contratou por 23.000 euros a redacción do proxecto para a obra de ampliación da calzada na estrada Guísamo-Guiliade, xunto á casa coñecida como Villa Julia. Este proxecto levaba paralizado desde o ano 2004 no que a Deputación pretendeu ampliar a estrada nese punto pero viuse impedida por un informe realizado desde Patrimonio.

Alternativa dos Veciños solicitou no pleno da Deputación a ampliación desta estrada e a demolición do muro de Villa Julia. Máis recentemente tamén se denunciou a paralización da poda do peche vexetal desta casa que invadía a estrada nun punto no que, malia ser de dobre dirección, non ten máis de 4 metros de ancho e onde se produciu meses atrás un grave accidente cunha vítima mortal. Finalmente foi eliminada a maleza.



BERGONDO



A contención de cantís no Regueiro non pode demorarse máis ►

■ ■ O Ministerio precisa que o Concello poña á súa disposición todos os terreos necesarios para poder levar a cabo esta obra. Un só terreo “rebelde” non pode paralizar unha obra imprescindible, valorada en máis dun millón de euros.

O propietario descoñecido non vai aparecer pola porta por arte de maxia. É preciso poñer en marcha a fórmula legal axeitada que nos leve a conseguir a parcela en cuestión. Non podemos agardar máis. O deterioro da liña de costa nesa zona e a ameaza que iso supón para a integridade dalgunhas propiedades non cesa nin agarda por ninguén.



Alternativa reclama á Xunta que volva incluír O Regueiro no censo de praias ▼

■ ■ Desde o departamento de Medio Ambiente, que dirixe o concelleiro de Alternativa Juan Fariña, tense levado a cabo nestes últimos anos un eficaz traballo para erradicar toda canta achega contaminante se puidera estar producindo, principalmente, ao rego Cabanés cuxo caudal desemboca na praia do Regueiro.

Conectáronse ao saneamento numerosas casas, corríxíronse conexións erróneas a pluviais, actuouse contra vertidos irregulares e puxéronse en funcionamento novas redes de saneamento no entorno da praia anteriormente inexistentes.

Os datos obxectivos poden ser comprobados e contrastados convenientemente nos informes de Augas de Galicia. Ademais, as analíticas encargadas polo Concello nos veráns de 2017, 2018, 2019 e 2020 avalan que non existe contaminación na praia do Regueiro.



En marcha a obra da rotonda en Santa Marta de Babío



◀ de Babío

Avanzada a obra da rotonda a carón do Pazo do Casal e da praza pública de Santa Marta de Babío. Esta actuación rematará a reordenación viaria dese entorno, suprimindo un cruce moi perigoso, facilitando os accesos a Rois e Bergondo e eliminando de xeito definitivo un vello punto negro da nosa rede viaria municipal.

A piques de comezar as beirarrúas de Vixoi ▼



Nas vindeiras semanas comezarán as obras de creación de beirarrúas e ampliar da estrada desde a N-VI ata Vixoi contratadas por **319.543,76 euros**. Tamén se construíra unha rede de saneamento para as vivendas da zona.

Alternativa loitou contra a actitude obstrucionista dalgúns persoas, que non lograron impedir esta importante actuación.

Pintado de pasarela e ruta "Outeiros do Mandeo" ▼

Saneada e repintada a pasarela peonil de Fiobre. Por outro lado, rematouse de sinalizar e balizar una pequena ruta circular (3,5 quilómetros) que une os núcleos de Fiobre, Mariñán e Montecelo. "Outeiros do Mandeo" é un percorrido que nos achega ás fermosas paisaxes e panorámicas desta parte do Concello.

Alternativa demanda fibra para todo Bergondo ▼

O concelleiro Juan Fariña está a reclamar tanto á Xunta de Galicia como á Administración Xeral do Estado avances no despregamento da fibra por todo o municipio. Aínda que xa hai diversos núcleos que dispoñen do servizo ou que o terán ao longo do vindeiro ano; Lubre, San Cidre, A Brea, Peteiro ou Babío deben ser dotados de fibra óptica.

Subvencións para autónomos e microempresas afectadas pola pandemia ▼

A través do Plan de Emprego Local da Deputación, o Concello de Bergondo convocou un programa de subvencións para sufragar gastos orixinados pola COVID-19. En total repártense **350.000 euros** dependendo das circunstancias de cada empresa e do número de traballadores/as afectados/as.

CAMBRE



O Goberno municipal comparece ante a Fiscalía pola ilegalidade urbanística cometida en Anceis



■ O pasado 19 de novembro, políticos e funcionarios do Concello de Cambre tiveron que declarar ante a Fiscalía pola ilegalidade cometida en Anceis. Para cometer esta infracción na que se vulnerou a Lei do solo, o Goberno municipal utilizou a unha asociación veciñal para encubrir un investimento que debería ser do Concello pero que foi disfrazado ante a ilegalidade que ía cometerse.

A Fiscalía, á que se dirixiron os grupos da oposición de Cambre, estima que na construción do pavillón de Anceis se cometeron 3 delitos: prevaricación, falsidade en documento oficial e delito contra a ordenación do territorio.

A esta comparencia xudicial do Goberno municipal seguiránlles outras polas actuacións realizadas contrarias á Lei do Solo nas zonas do Seixal e O Temple.

Contratación irregular de avogados para atacar a Alternativa dos Veciños ▼

Os concelleiros de Alternativa están a facer un intenso traballo de control e denuncia das ilegalidades cometidas polo Goberno municipal. Para tentar impedir as tarefas de oposición, o Goberno contratou os servizos dun gabinete de avogados cuxos gastos paga o Concello.

Estes avogados presentáronse a 2 concursos públicos para optar á contratación deste servizo, sendo descartados nunha das ocasións por incumprir coas bases da convocatoria. A pesar diso, foron posteriormente contratados de maneira directa, o que segundo a Lei de contratos do sector público 9/2017 sería totalmente irregular. Ante esta actuación, Alternativa denunciará os feitos.

Por que segue sen urbanizarse a contorna da biblioteca? ▼

O Goberno municipal segue sen explicar o sucedido durante os case dous anos que levaba a infraestrutura construída pero pechada. O edificio atópase no ámbito dunha unidade urbanística na que resta por urbanizar toda a contorna e o acceso a esta instalación municipal. Antes de construír as vivendas incluídas neste ámbito, o promotor estaba obrigado a executar as beirarrúas e os accesos á Casa da Cultura. Ao non facelo, o Concello estaría obrigado a executar un aval de **529.872 euros** que o promotor debía ter entregado inicialmente pero que non chegou a presentar grazas ao beneplácito do Goberno municipal, que incumpriu as súas obrigas legais. Esta nefasta actuación para os intereses xerais de Cambre supónlle un aforro de máis de medio millón de euros ao promotor. As arcas públicas terían que asumir ese gasto.

■ ■ Despois de case un ano sen servizo, a Biblioteca de Cambre, situada agora no edificio da Casa da Cultura; volve estar dispoñible para toda a veciñanza. Alternativa dos Veciños celebrou esta apertura pero denuncia que a obra da planta baixa fica pendente de rematar e a instalación continúa sen accesos nin beirarrúas.




A contratación a rotonda da estrada Iñas-Pravio ▼

■ ■ A construción dunha rotonda no cruce da Chasqueira, onde conflúe a estrada Iñas-Pravio coa que vai cara Cecebre desde San Pedro de Nós, é unha demanda de Alternativa dos Veciños desde hai moitos anos. Trátase dun punto negro na circulación da comarca onde se producen accidentes constantemente.

Despois de moito reclamar esta obra, a partir dunha proposta de Alternativa, a Deputación provincial acordou facer esta rotonda hai xa máis de dous anos. Non saíu a contratación durante todo este tempo polos problemas coa identificación dos propietarios do solo necesario para a obra.

Finalmente, o pasado 27 de novembro, a Deputación pagou **64.000 euros** en expropiacións a todos os propietarios, polo que a licitación será inminente. O custo desta actuación é de **579.000 euros**.



Alternativa de Cambre: a voz dos veciños e das veciñas no Concello ▼

■ ■ Como grupo político que desenvolve unha oposición construtiva trasladáronse ao Goberno municipal diversas propostas a petición dos veciños:



- Solución para o foxo na Rúa Miguel Ángel Garcés.
- Melloras para a Rúa Samosteiro.
- Reparación das fochancas e afundimentos do asfaltado na Rúa Lourenciño.
- Requirir á Xunta a limpeza do Río Brexa e revisar a Ponte da Fraguíña
- Reparación de varias estradas en Cecebre, por mal estado do asfaltado, así como fochancas en zonas residenciais.
- Impulsar o Polígono Industrial do Espírito Santo ante o abandono xeral da zona industrial, tanto de beirarrúas como do pavimento das rúas.
- Melloras no alumeadado público en zonas como Drozo, Armental, partes de Bibres,...

O Concello necesita mellorar a comunicación ▼

O Goberno municipal non está a empregar as canles de difusión do concello (web, redes sociais, notas de prensa...) axeitadamente. Son moitos os veciños e veciñas que se queixan pola dificultade que atopan para acceder á información municipal. Desde o Concello debe mellorarse a comunicación para que os cidadáns poidan exercer o dereito á información, fundamental nunha democracia.

Solicítase o reforzo da Policía Local ▼

Alternativa de Cambre reclamou ao Goberno municipal que nos orzamentos do 2021 se contemple un incremento de persoal para mellorar o servizo de seguridade cidadá. Numerosos veciños e veciñas dirixíronse aos concelleiros de Alternativa ante a escasa presenza policial para velar pola seguridade. O cadro de persoal da Policía Local non se incrementou durante os últimos 5 anos.

A Deputación cofinancia novas obras ▼

Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis: **61.766,19 euros**

Renovación do pavimento nas rúas Miguel González Garcés e Gamelas: **66.529,10 euros**

CARRAL



A Fiscalía ve indicios de delito na obra que o Goberno de Mourino pagou sen rematar ▼

■ ■ O Goberno municipal denunciou ante a Fiscalía as graves irregularidades cometidas polo Concello nunha obra do ano 2011, subvencionada pola Unión Europea, para a realización dos acceso ao Instituto de Carral, na rúa Souto de Castiñeiros. O Goberno municipal, naquel momento en mans do PP, xustificou como realizadas na súa totalidade as obras por un importe de 175.000 euros.

O Concello de Carral contratou nese proxecto o asfaltado dunha rúa de 5 metros de ancho con beirarrúas de 1,5 metros a cada lado, desde o inicio da rúa ata a entrada ao instituto.

As obras foron certificadas como completadas na súa totalidade pero en realidade non foi así. Na parte dereita tan só se realizaron 20 dos 70 metros de beirarrúa e na parte esquerda o ancho é de 40 cm, cando se contratou e pagou por un ancho de 150 cm.

A obra executouse, aproximadamente, nun 50%. A empresa non debería ter percibido a totalidade da cantidade contemplada no contrato, aínda que si consta no Concello que cobrou os 175.000 euros. Que fixeron cos cartos recibidos de máis?



O Goberno continúa coa humanización dos espazos públicos ▼

■ ■ Proximamente comezarán novas obras de mellora da seguridade viaria no centro de Carral, cun novo acceso peonil ao campo da feira e á praza da Capela, entre outras actuacións.



Estas obras, e outras xa finalizadas como as da Costa do Pincho, non serían posibles sen a colaboración dos veciños e veciñas que cederon gratuitamente o solo necesario para acometer estes importantes servizos para o conxunto da cidadanía.

NADAL PARA NENOS E NENAS


O Concello programou un concurso de postais, animación musical nas rúas o día de noiteboa, un concerto infantil... Ademais, os nenos e nenas que o soliciten recibirán unha videochamada dos Reis Magos.

CARRAL



Complétanse as obras de iluminación no Borja Rodríguez Ans

O Goberno municipal puxo fin aos problemas de iluminación no Campo de fútbol Municipal Borja Rodríguez Ans coa instalación dunhas novas luminarias, que permitirán mellorar notablemente a eficiencia enerxética cun aforro anual na factura eléctrica de 3.000 euros. Esta actuación tivo un custo de 17.765 euros.



Renovada a cuberta do pavillón municipal ▶

Dentro das políticas de mellora das infraestruturas deportivas que desenvolve Alternativa en Carral abórdouse o cambio da cuberta do pavillón cun investimento de 66.823,30 euros. Ademais das actividades municipais e das entidades, esta instalación tamén é utilizada polo alumnado do CEIP Vicente Otero Valcárcel.



A licitación o proxecto para ampliar a ponte do Rego do Castro

A Deputación está a tramitar a contratación do proxecto para mellorar a seguridade viaria na Estrada Carral-Meirama. O tramo que se abordará con esta futura obra será o da ponte sobre o Rego do Castro. O custo do proxecto é de 24.000 euros.

O Concello subvenciona a autónomos e microempresas afectadas pola pandemia

O Concello de Carral convocou un programa de subvencións para axudar ás empresas do municipio ante os problemas orixinados pola COVID-19. A través do Plan de Emprego Local da Deputación repartiranse 90.370,23 euros dependendo das circunstancias de cada empresa e do número de traballadores afectados.

En total presentaron as súas solicitudes correctamente 77 autónomos e empresas. Nas próximas semanas publicaranse os beneficiarios da convocatoria e as cantidades asignadas.

CULLEREDO

O Goberno municipal crea unha praza de arquitecto irregularmente para evitar informes negativos ao Plan Xeral ▼



Por que o Goberno non leva o Plan ao pleno? Pode deberse ás irregularidades que impedirían a súa aprobación pola Xunta?

■ O Goberno municipal acordou unha modificación da RPT que non se axusta á normativa da administración pública para poder sacar de maneira encuberta unha praza para técnico de urbanismo teledirixida. Tanto a Secretaria e como o Interventor do concello emitiron informes negativos por ser unha actuación totalmente contraria á lei.

Esta nova praza estaría ocupada por unha persoa que desprazaría ao actual arquitecto municipal que alertou das irregularidades que existen no documento do Plan Xeral. A secretaria municipal tamén coincide coa postura do actual arquitecto sobre o Plan.

Os veciños non poden acceder libremente á Casa do Concello

Incomprensiblemente, 9 meses despois do inicio da pandemia, os veciños e veciñas de Culleredo están véndose obrigados a solicitar cita previa para entrar na Casa do Concello. Non está permitido o paso para facer ningunha xestión cando noutras administracións trámites diarios como certificados, solicitudes de licenza, empadroamentos... si son atendidos de xeito presencial e ao momento. O sistema de acceso imposto polo Concello de Culleredo aseméllase máis a un control policial que a un servizo público para a cidadanía.



CULLEREDO

O dragado da ría incrementará os espazos públicos en 50.000 metros ▼

■ O Ministerio de Transición Ecolóxica iniciou a licitación desta importante obra para os concellos de Culleredo, Cambre, Oleiros e A Coruña que ascende a 46 millóns de euros.

Ademais da apertura de canais e da recuperación da ría para a produción marisqueira e o baño, no caso concreto de Culleredo vai realizarse un importante recheo á altura das pistas polideportivas que incrementará en máis de 50.000 metros os espazos públicos xa existentes xunto ao paseo. Estes novos terreos serán destinados a zonas verdes e novos equipamentos públicos para o ocio e o deporte.



Solicitados patios cubertos para as escolas unitarias

Alternativa de Culleredo presentou unha moción no pleno para que a Xunta instale cubertas nas zonas exteriores das catro escolas unitarias do municipio. Estes centros escolares carecen de espazos ao aire libre cubertos o que leva ao alumnado a pasar parte do curso pechados no interior dos edificios.

A Deputación aborda a mellora da estrada Vilaboa-Peiro

Nas vindeiras semanas comezarán as obras de acondicionamento e mellora da seguridade viaria na estrada que vai de Vilaboa a Peiro por Tarrío: construírse unha senda peonil por ambas marxes. Para non acometer obras en propiedades privadas, adaptárase a senda ao espazo dispoñible no solo público. O investimento total é de 265.177,30 euros.

OLEIROS

Xaz xa é unha realidade ▼

■ O novo campo de golf, de 18 hoyos, entrará en funcionamento o próximo verán. A empresa que xestiona esta instalación foi obrigada por convenio a reservar un horario diario para a futura Escola de Golf municipal. Está previsto desprazar desde todos os colexios públicos de Oleiros aos rapaces e rapazas para que poidan iniciarse e practicar este deporte.

O desenvolvemento da urbanización de Xaz supón importantes beneficios para o benestar, o progreso e a economía de Oleiros. A xestión urbanística de Alternativa dos Veciños, que garante un crecemento ordenado, sostible e respectuoso co medio ambiente, e que permite impulsar a economía local e a creación de emprego a curto, medio e longo prazo, reporta cuantiosos beneficios ao Concello: ingresos económicos, amplas zonas verdes, dous novos bosques municipais, equipamentos públicos, novas estradas, melloras nas redes de auga e saneamento, vivendas de protección, incremento do patrimonio público...



Comeza a obra do túnel e da glorieta en Sol y Mar ▶

Despois de 16 anos reclamando ao Ministerio de Fomento a mellora do cruce de Sol y Mar, na N-VI ao seu paso por Perillo, por fin se iniciaron as obras. O custo desta actuación é de 9.813.642,04 euros e está previsto que finalice dentro de 2 anos e 4 meses. Unha vez conclúa esta obra debería comezar a da ampliación da ponte da Pasaxe. Ao longo dos próximos dous anos, o Ministerio debe aprobar definitivamente o proxecto e tramitar o expediente de contratación, para poder iniciar os traballos no 2023.



OLEIROS

O paseo da ría quedará conectado co do Graxal coa obra do dragado ▼



■ A inminente contratación do dragado da ría permitirá iniciar a obra de consolidación do tramo de paseo pendente de construír entre Beiramar e o linde con Cambre. Ademais crearase un novo parque público na desembocadura do río, na zona do Seixo.

A este paseo uniránse máis de 7.000 metros cadrados de zona verde pública que se están a crear co desenvolvemento da urbanización O Paraíso.



A Fundación Amancio Ortega financia a creación dunha biblioteca medioambiental no Pazo de Lóngora ▼



■ A Fundación Amancio Ortega financiará a creación dunha biblioteca medioambiental no Pazo de Lóngora. Este novo espazo cultural público estaría situado nas antigas caballeizas do pazo, que se atopan sen uso na actualidade.

A Fundación Amancio Ortega pagará integramente os 260.000 euros das obras de restauración e adecuación do edificio para o seu novo fin. Inicialmente, esta nova biblioteca

contará con todo o material bibliográfico que se atopa no Ceida, no Castelo de Santa Cruz.

O Pazo de Lóngora é unha propiedade municipal. O Concello cedulle o uso á Universidade da Coruña no ano 1997 para a creación do Instituto Universitario do Medio Ambiente.



A Terraza cáese ▼ *Non podemos permitilo*



■ ■ O Goberno municipal debe demandar á Xunta e á Deputación provincial a restauración do edificio da terraza como patrimonio BIC. Resulta necesario contactar cos actuais administradores, cuxa concesión expirou, e compensalos na parte que proceda para non perder a curto prazo un dos grandes símbolos da vila de Sada.



■ Os concelleiros de Alternativa dos Veciños no Goberno municipal requirirán que se execute de inmediato a demolición do edificio do Náutico en pleno paseo marítimo. Sobre este edificio existe desde hai anos unha sentenza xudicial para a súa eliminación.

Alternativa demanda na Deputación a subvención para a canalización do Río Maior ▼

O pleno provincial do mes de outubro aprobou unha subvención ao Concello de Sada de 378.000 euros para abordar a mellora da canalización do río Maior e acabar coas graves problemas das inundacións que sofre o centro urbano. Alternativa dos Veciños leva denunciado a desidia da Deputación e da Xunta para resolver este asunto en reiteradas ocasións, tanto a través de diversas publicacións informativas como por medio do deputado Ángel García Seoane nos plenos da Deputación.

Parapodercontratarasobrasestápendenteaachegacomprometida pola Xunta de 500.000 euros, que se complementaríase cos fondos que debe achegar o Concello. Xa pasaron 4 anos e a resolución deste gravísimo problema non admite máis demoras.

Sada non pode seguir coa auga ao pescozo pola desidia administrativa.



Emalcsa debe abordar a mellora da rede de abastecemento de auga

■ ■ Sada necesita un novo depósito de auga para garantir a subministración en todas as zonas urbanas do municipio, tanto en novas rúas como nas que xa sofren problemas, especialmente durante os meses de verán.

Na actualidade o municipio só conta cun único depósito no alto de Castelo, pegado aos dous que ten nese mesmo lugar o Concello de Oleiros. A tubaxe de abastecemento que desde Bergondo abastece a ambos concellos debe ser ampliada por Emalcsa, a empresa distribuidora da auga. Ademais debe abordarse con urxencia un estudo para planificar a mellora do servizo.



Alternativa traballa na mellora da Policía Local e do Servizo de Emerxencias

■ ■ O Concello de Sada, polas súas características especiais e por contar cunha capital municipal densamente poboada e urbana, non pode prescindir nin abandonar o servizo de Policía Local nin de Emerxencias. Alternativa dos Veciños está a defender desde a súa participación no Goberno municipal o reforzo dos medios destinados á seguridade cidadá.

A aposta polos servizos públicos non debe ser vista coma un gasto, senón coma un investimento que redundará no

beneficio xeral de toda a cidadanía. Por iso, Alternativa apoiará a realización de investimentos materiais, pecuniarios e persoais en dous servizos públicos básicos para a seguridade e auxilio da cidadanía coma son a Policía Local e o Servizo de Emerxencias Municipal entre outros.

Reclamada banda ancha para todas as parroquias ▼

Os concelleiros de Alternativa na corporación municipal están a reclamar á Xunta e ao Estado que obriguen ás compañías a dotar de fibra a todas as parroquias. Son varias as zonas do municipio que carecen deste servizo, imprescindible a día de hoxe para calquera cidadán.

Denúnciase a falta de matronas e pediatras ▼

Alternativa dos Veciños sumouse á iniciativa 'PediatrasXa MatronasXa', creada en protesta pola falta de pediatras e matronas en Galicia. Os devastadores recortes en pediatría e matronería impostos pola Xunta de Galicia están a erosionar o dereito fundamental dos nenos e das embarazadas a recibir unha sanidade pública e de calidade.

Primeiros pasos para unha cidade deportiva municipal en Mondego ▶

■ Alternativa dos Veciños está a demandar, no Goberno tripartito no que participa, a creación de novas infraestruturas deportivas en Sada. Un dos proxectos que se pretende impulsar é unha cidade deportiva en Mondego, nos terreos de propiedade municipal próximos á escola infantil e o centro de día.

Esta instalación contará con pistas de atletismo, ximnasio para persoas con diversidade funcional, pavillón para práctica de artes marciais, ximnasia rítmica, patinaxe artística...

Está previsto desenvolver esta obra en varias fases. O importe da primeira ascenderá a uns 400.000 euros.



Obras de mellora das pistas polideportivas de Meirás, Osedo, Veigue e Sada ▼

María Nogareda, concelleira de Alternativa dos Veciños e responsable das áreas de Deportes e Educación, impulsou desde o Goberno municipal a realización de diversas melloras nas instalacións deportivas ao aire libre municipais por importe de **62.196 euros**. As obras consistirán no acondicionamento de superficies, instalación de novos elementos deportivos e o cambio ou arranxo dos peches perimetrais.



A Deputación cofinancia novas obras ▼

- Rede de abastecemento de auga en Osedo: **136.439,98 euros**
- Renovación da Avenida Párroco Villanueva: **17.956,00 euros**
- Substitución redes principais na Praciña Marina: **17.955,10 euros**

Alternativa presenta alegacións contra a proposta de estatutos para a Mancomunidade ▼



■ Alternativa dos Veciños, que conta con 27 concelleiros e concelleiras nos municipios de Bergondo, Cambre, Culleredo, Sada, Carral e Oleiros, presentou alegacións contra os estatutos provisionais da Mancomunidade das Mariñas. Con este recurso, pretende subsanarse erros e omisións para poder seguir coa tramitación futura da Mancomunidade, sen repetir os erros que fixeron da primeira Mancomunidade un verdadeiro fracaso.

Alternativa dos Veciños demanda que antes de dar ningún paso se liquide o Consorcio das Mariñas. Non se pode constituir a Mancomunidade sen liquidar antes o actual organismo dado que non é unha substitución, senón que vai crearse un novo ente.

Outra cuestión a determinar é a subrogación do persoal e as relacións contractuais actuais. Ademais é necesario realizar un inventario de bens e servizos para saber cales se subrogarían.

Antes da aprobación dos estatutos e da constitución da Mancomunidade, tamén é preciso elaborar unha memoria relativa aos aspectos sociais, xurídico, técnico e financeiro e deberá realizarse un estudo de custes separado para cada unha das actividades.

Ademais, Alternativa dos Veciños non acepta o sistema de representación que recollen os estatutos aprobados inicialmente por ser totalmente arbitrario e interesado por parte do actual presidente do Consorcio, cunha representatividade non xustificada.

Querela contra a dirección do Consorcio das Mariñas por posible delito de prevaricación ▼

O Xulgado admitiu a trámite a querela presentada polo Concello de Oleiros contra o presidente e os técnicos responsables do Consorcio da Mariñas. O Concello denuncia un suposto delito de prevaricación por entender que se están cometendo graves irregularidades na xestión deste organismo público.

Alternativa dos Veciños non permitirá políticas que vaian contra o interese xeral dos cidadáns en ningunha administración pública. Para dirixir un organismo hai que ser honrado, ético, eficaz e capaz.

Paz e liberdade para o pobo saharuí ▼

O ataque bélico perpetrado polo Reino de Marrocos ao pobo saharuí o pasado día 13 supón unha violación ao alto ao fogo do Sáhara e aborta calquera esforzo encamiñado á celebración do referendo de autodeterminación, acordado hai 29 anos entre ambas partes. Este ataque marroquí supón unha nova vulneración dos dereitos humanos no Sáhara Occidental, polo que Alternativa dos Veciños reitera o seu apoio ao pobo saharuí o seu lexítimo dereito á decidir libremente o seu futuro.

Resulta especialmente sangrante a postura do actual Goberno de PSOE e Podemos, que igual que os Gobernos españois anteriores, eluden as responsabilidades que lle corresponden como potencia administradora, pregándose aos intereses marroquíes, en contra do dereito internacional. O exemplo máis recente disto, que demostra o medo da diplomacia española a Marrocos, é que no que vai de ano permitisen a chegada de 8.000 inmigrantes ás costas de Canarias para desviar a atención do que acontece no Sáhara.





**Alternativa
dos Veciños**

Alternativa dos Veciños defende aos afectados pola huella sonora ▼



■ ■ A Dirección Xeral de Aviación Civil, dependente do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, impón unha nova huella sonora no aeroporto de Alvedro que afecta gravemente aos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. O pasado 21 de outubro abriuse o prazo de exposición pública e de presentación de alegacións, que comprende 45 días hábiles.

Debido a esta ampliación da huella, centos de parcelas urbanas consolidadas terían problemas á hora de construír, dado que se limitan os usos ou se poñen determinadas condicións que restan valor ás propiedades. No caso das vivendas xa existentes, na documentación do Ministerio non se recollen os pagos de indemnizacións para o illamento de ruídos, cando os gastos de insonorización para cambio de fiestras e portas debe asumilos o Ministerio e non os propietarios.

Desde o primeiro momento, o Concello de Oleiros encargou aos servizos técnicos municipais a redacción das correspondentes alegacións para defender a todos os veciños e veciñas con propiedades urbanas que se ven afectados. No caso dos concellos de Culleredo e Cambre, que un mes e seis días despois do anuncio do BOE recoñeceron en sendos plenos municipais que non fixeran nada, non tomaron ningunha determinación na defensa dos veciños afectados nos seus municipios ata o último momento.

Alternativa dos Veciños confeccionou as alegacións correspondentes, tanto para os problemas do ruído como para as reclamacións de solares en solo urbano, para que sexan presentados polos afectados que o desexen. Os concelleiros de Alternativa en Culleredo e Cambre atenderon presencialmente aos cidadáns nunha oficina móbil. Este foi o método empregado a raíz de que o Goberno municipal de Culleredo esixise cita previa aos cidadáns para poder acceder á oficina que Alternativa ten na Casa Consistorial. Pretendían controlar ás persoas que se informaban deste grave problema.

O silencio dos Gobernos de Cambre e Culleredo vén dado pola necesidade que os dous teñen de que o Ministerio e AENA lles fagan uns informes positivos e axeitados aos seus intereses para poder aprobar o planeamento urbanístico. Tal é así que o alcalde de Culleredo chegou a pedir aos seus veciños “comprensión y solidariedade” co Ministerio, que vai prexudicar gravemente o seu patrimonio.



Grupo Provincial Alternativa dos Veciños

www.alternativadosvecinos.org • info@alternativadosvecinos.org